MARCOS VEIGA RODRÍGUEZ - 34899108N

Firmado digitalmente por MARCOS VEIGA RODRÍGUEZ - 34899108N
Fecha: 2026.01.08 15:32:32 +01'00'

01.MX MEMORIA JUSTIFICATIVA
PARTE I. INFORMACIÓN

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN E ANTECEDENTES 1

1.1. TRAMITACIÓN PREVIA 2

1.2. MARCO LEGAL. 3

1.3. FUNDAMENTACIÓNS XURÍDICAS E TÉCNICAS 3

1.4. XUSTIFICACIÓN DO INTERESE PÚBLICO NA RETIRADA DO HÓRREO INDICADO DO CATÁLOGO DO PXOM DO CONCELLO DE OLEIROS 5

1.5. COMPETENCIA PARA A ADOPCIÓN DE ACORDOS 6

1.6. INFORMES SECTORIAIS NECESARIOS 6

2. DESCRICIÓN DO ÁMBITO DA MODIFICACIÓN 7

2.1. SITUACIÓN XEOGRÁFICA 7

2.2. SITUACIÓN SOBRE O PLANEAMENTO XERAL MUNICIPAL 8

2.3. ESTRUCTURA PARCELARIA CATASTRAL 9

2.4. USOS e EDIFICACIONES 9

2.5. INFRAESTRUTURAS e SERVICIOS EXISTENTES 10

2.6. ANÁLISIS DE RIESGOS 10

3. AFECCIONS EXISTENTES 11

3.1. AERONÁUTICAS 11

3.2. COSTAS 14

3.3. POL 14

Para facer constar que mediante acordo de Pleno do 26 de decembro de 2025, aprobouse definitivamente a modificación puntual núm. 18 do PXOM: Retirada do catálogo do elemento D-4 identificado como hórreo en Mera (Documento asinado o 4 de xuño de 2025).

1. INTRODUCCIÓN E ANTECEDENTES

O obxecto da modificación puntual núm. 18 do PXOM de Oleiros é a descatalogación do elemento D-4 do catálogo de bens patrimoniais, correspondente a un hórreo situado en Mera (Serantes). Xustifícase pola súa falta de valor cultural, ao tratarse dunha construción recente, sen interese etnográfico nin arquitectónico. A súa inclusión no catálogo responde a un erro de localización. Proponse a súa eliminación mediante o procedemento simplificado previsto no artigo 83.5 da LSG.

Antecedentes:

Con NRE 2025000087, de 7 de xaneiro, don Jesús Rosales Goas solicita a descatalogación dun hórreo. Identifica o hórreo en cuestión sobre a parcela 3935823NJ5033N0001UU, sita en rúa das Escolas, 2 – 15177 Mera (Serantes). A parcela referida figura a nome de ROSALES GOAS, JESÚS (33560590W) e MADARRO PENA, CARLA (33547474L). Previamente, mediante escrito presentado con NRE 2024014477, de 8 de xullo, tiñan indicado o seguinte sobre o hórreo sito na súa parcela:

> *"(…) Dicha construcción es muy posterior 1901, puesto que aunque no podemos determinar la fecha exacta de su colocación en la parcela, puesto que la finca ha llegado a nuestras manos fruto de una herencia del abuelo paterno de Jesús, fallecido hace algunos años, sabemos que su colocación data de los años 80, y que fue encargado, realizado y transportado desde la Comunidad de Madrid hasta la parcela.*
>
> *El hórreo carece de cualquier característica digna de protección cultural, de estructura de hormigón y hierro, sin las características arquitectónicas típicas de la zona ni de la época, y sobre el que no figura ningún informe ni documento gráfico en el ayuntamiento, ni tampoco en la Xunta de Galicia que justifique dicho estatus de protección.*
>
> *Únicamente hemos encontrado una mención en el Plan Xeral Municipal de Ordenación --> elementos menores --> hórreos --> 4. Hórreo en Mera (Maianca). Y entendemos que se refiere a nuestro hórreo. (…)"*

Con NRE 2024018384, de 29 de Agosto, o mesmo interesado achega un informe emitido Andrés Bonilla Rodríguez, arqueólogo de PyA Arqueólogos, no que tras a análise do hórreo se considera que non existen elementos que haxa que protexer polo seu valor patrimonial, e que sería apropiada a descatalogación deste elemento.

Compróbase no plano de ordenación do PXOM de Oleiros, na súa folla 8, que existe un elemento catalogado, D-4, nas inmediacións da parcela referida polos solicitantes, se ben a súa situación non coincide exactamente coa parcela dos interesados. Sitúase máis ao noroeste, na parcela catastral 3935818NJ5033N. No PXOM de 1995 a imaxe tamén mostra o hórreo na zona noroeste da parcela, fóra dos seus lindes.

Compróbase tamén que o PXOM vixente conta con 12 hórreos catalogados, sendo o número 4 o que se identifica como hórreo en Mera – Maianca, e o que identifican os solicitantes co seu hórreo.

Para facer constar que mediante acordo de Pleno do 26 de decembro de 2025, aprobouse definitivamente a modificación puntual núm. 18 do PXOM: Retirada do catálogo do elemento D-4 identificado como hórreo en Mera (Documento asinado o 4 de xuño de 2025).

Tras terse consultado internamente co organismo sectorial de Patrimonio da Xunta de Galicia, identifican o hórreo obxecto do informe co hórreo catalogado na zona, posto que se ben no PXOM aparece desprazado, no Plan Básico Autonómico aparece no lugar en que se atopa o hórreo obxecto de informe. Así, non ven viable a aplicación dun procedemento de corrección de erros para eliminar do catálogo o hórreo, que remiten en todo caso a unha modificación puntual do PXOM.

1.1. TRAMITACIÓN PREVIA

Tras terse consultado internamente co organismo sectorial de Patrimonio da Xunta de Galicia, identifican o hórreo obxecto do informe co hórreo catalogado na zona, posto que se ben no PXOM aparece desprazado, no Plan Básico Autonómico aparece no lugar en que se atopa o hórreo obxecto de informe. Así, non ven viable a aplicación dun procedemento de corrección de erros para eliminar do catálogo o hórreo, que remiten en todo caso a unha modificación puntual do PXOM.

Por Decreto 2025000921, de 24 de febreiro, solicitouse á DX de Calidade Ambiental e Cambio Climático, da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, co obxecto de garantir a viabilidade polo trámite simplificado de modificación do PXOM recollido no art. 83.5 LSG, a emisión de informe en atención ao disposto no art. 17 da Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia. Este organismo, mediante informe presentado con NRE 2025005314, de 17 de marzo, presentou informe no que conclúe que "non é necesario someter a avaliación ambiental estratéxica a modificación puntual núm.18 do PXOM de Oleiros para descatalogar un hórreo situado en Mera (elemento D-4 do Catálogo)."

Na sesión extraordinaria do Concello Pleno que tivo lugar o día 30 de abril de 2025, adoptouse o acordo de Aprobación inicial da modificación puntual nº 18 do PXOM para retirada do catálogo dun hórreo situada en Mera por tramite de modificación non substancial.

Dito Acordo foi publicado no diario "La Opinión" de A Coruña con data 16 de maio de 2025 e no DOG nº 101 de 28 de maio de 2025.

O documento foi remitido á Consellería de Medio Ambiente Territorio e Vivenda con data 9 de maio de 2025.

Con data 20.05.205, en resposta, recíbese requirimento de documentación polo Servizo de Urbanismo da Delegación territorial de A Coruña.

Requírese completala documentación adaptándose as NNTTPPUG.

En cumprimento do anterior, elabórase este documento que lle da forma ó aprobado inicialmente no Pleno de 30 de abril.

Para facer constar que mediante acordo de Pleno do 26 de decembro de 2025, aprobouse definitivamente a modificación puntual núm. 18 do PXOM: Retirada do catálogo do elemento D-4 identificado como hórreo en Mera (Documento asinado o 4 de xuño de 2025).

1.2. MARCO LEGAL.

NORMATIVA APLICABLE

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei 2/2016
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia
- PXOM de Oleiros (aprobado en 2014), no que se inclúe o hórreo como ben catalogado.
- Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.

A principal normativa a considerar na redacción desta modificación de planeamento xeral é a LSG, e mais concretamente o seu artigo 83, coa súa actual redacción modificada polo artigo 17 da Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.

Transcríbese a continuación a súa redacción actualizada.

"Artigo 83 Modificación dos instrumentos de plan urbanístico

1. Calquera modificación do plan urbanístico haberá de fundamentarse en razóns de interese público debidamente xustificadas.

2. A alteración do contido dos instrumentos de plan urbanístico poderá levar a cabo mediante a revisión deles ou mediante a modificación dalgún dos seus elementos.

3. Enténdese por revisión do plan xeral a adopción de novos criterios respecto a a estrutura xeral e orgánica do territorio ou a clasificación do chan, motivada pola elección dun modelo territorial distinto, pola aparición de circunstancias sobrevindas, de carácter demográfico ou económico, que incidan substancialmente sobre a ordenación ou o esgotamento da súa capacidade.

4. Nos demais supostos, a alteración das determinacións do plan considerarase como modificación do mesmo, aínda cando dita alteración implicase cambios na clasificación, a cualificación do chan ou a delimitación do ámbito dos polígonos.

5. As modificacións do plan urbanístico poderán ser substanciais e non substanciais.

Consideraranse modificacións non substanciais do plan aquelas de escasa entidade e de alcance reducido que cumpran os requisitos seguintes:

a) Que non supoñan aumento do aproveitamento lucrativo.

b) Que non modifiquen a clasificación do chan.

c) Que non incrementen a edificabilidade global do ámbito.

d) Que non incidan negativamente na funcionalidade das dotacións públicas.

Sendo o obxecto desta modificación a descatalogación do elemento D-4 do catálogo de bens patrimoniais, correspondente a un hórreo situado en Mera (Serantes), cúmprense os requisitos anteriores polo que se considera modificación non substancial polo que está exenta de tramitación ambiental (informado pola DX de Calidade Ambiental e Cambio Climático, da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático)

1.3. FUNDAMENTACIÓNS XURÍDICAS E TÉCNICAS

a. Natureza do catálogo do PXOM

Para facer constar que mediante acordo de Pleno do 26 de decembro de 2025, aprobouse definitivamente a modificación puntual núm. 18 do PXOM: Retirada do catálogo do elemento D-4 identificado como hórreo en Mera (Documento asinado o 4 de xuño de 2025).

O catálogo do PXOM é unha determinación de carácter xeral deste, de acordo co artigo 52.h) LSG. Establece o artigo 195 RSG que os catálogos son instrumentos complementarios dos plans que teñen por obxecto identificar os elementos que, polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos, arqueolóxicos, etnográficos ou paisaxísticos, se considere conveniente conservar, mellorar ou recuperar (artigo 81.1 da LSG). Os instrumentos de planeamento conterán obrigatoriamente un catálogo en que se prevexan as medidas necesarias para a protección, conservación, recuperación e aproveitamento social e cultural dos referidos elementos (artigo 81.2 da LSG).

Así, o catálogo configúrase como unha figura de planeamento a efectos de tramitación e modificación, polo que ha de terse en conta o sinalado no artigo 200 RSG de cara á súa modificación. Así, a revisión do planeamento e as modificacións de calquera dos seus elementos suxeitaranse ás mesmas disposicións enunciadas para a súa tramitación e aprobación (artigo 83.5 da LSG).

b. Protección de carácter sectorial: o Catálogo de Patrimonio Cultural de Galicia

Coa entrada en vigor da Lei 5/2016, de 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia, establécese que os bens do patrimonio cultural de Galicia clasifícanse en bens de interese cultural ou catalogados. Sendo os bens de interese cultural aqueles que por ter carácter destacado así sexan declarados por lei ou por decreto do Consello da Xunta, debemos centrarnos no concepto de bens catalogados, que sería o que se atribúe aos hórreos protexidos do Concello de Oleiros. O artigo 8.3 da norma citada establece que terán a consideración de bens catalogados aqueles bens e manifestacións inmateriais, non declarados de interese cultural, que polo seu notable valor cultural sexan incluídos no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia, a través de calquera dos procedementos de inclusión previstos na lei. En todo caso, intégranse no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia os bens expresamente sinalados na norma, indicándose no artigo 30.1 que os bens inmobles que, polo seu interese cultural, se recollan individualmente singularizados nos instrumentos de planeamento urbanístico e ordenación do territorio, intégranse no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia, incluído, de ser o caso, o seu contorno de protección, salvo que teñan a consideración de bens de interese cultural.

En canto á descatalogación do ben unha vez se atopa incluído no Catálogo de Patrimonio Cultural de Galicia, establece o artigo 31 LPCG que pode levarse a cabo a través da modificación do instrumento urbanístico polo que foi incluído no devandito catálogo, producíndose os efectos unha vez se dite a resolución final.

c. Procedemento de descatalogación: modificación non substancial do PXOM

De todo o anteriormente exposto, conclúese que a descatalogación dun hórreo esixe que por parte do Concello de Oleiros se leve a cabo unha modificación puntual do PXOM, se ben se considera que tería encaixe nas chamadas modificacións non substanciais.

A este respecto, cómpre indicar que a Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, modificou ou artigo 83 da LSG, indicando no seu apartado 5 en relación coas modificacións do planeamento que poderán ser substanciais e non substanciais. Consideraranse modificacións non substanciais do plan aquelas de escasa entidade e de alcance reducido que cumpran os requisitos seguintes:

a) Que non supoñan aumento do aproveitamento lucrativo.
b) Que non modifiquen a clasificación do chan.
c) Que non incrementen a edificabilidade global do ámbito.
d) Que non incidan negativamente na funcionalidade das dotacións públicas.

Nestes casos, a tramitación da modificación de planeamento simplifícase en aplicación do art. 83.6.b) LSG, que permite aplicar o procedemento simplificado previsto nos artigos 16 a 18 da Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.

A tramitación da modificación está exenta de tramitación ambiental sempre que a dita modificación non constitúa unha variación fundamental da estratexia, das directrices e das propostas ou da cronoloxía

Para facer constar que mediante acordo de Pleno do 26 de decembro de 2025, aprobouse definitivamente a modificación puntual núm. 18 do PXOM: Retirada do catálogo do elemento D-4 identificado como hórreo en Mera (Documento asinado o 4 de xuño de 2025).

do planeamento que se vai modificar, e que ademais non produza diferenzas nos efectos previstos ou na súa zona de influencia.

Para garantir que non se producen diferenzas nos efectos previstos ou na súa zona de influencia deberase solicitar un informe ao órgano ambiental da Comunidade Autónoma, quen se deberá pronunciar, no prazo máximo dun mes, sobre a necesidade da tramitación de avaliación ambiental. No caso de que non se emita o informe no devandito prazo, considerarase que non é necesaria a tramitación ambiental. Este informe foi emitido e presentado no Concello de Oleiros polo órgano competente con NRE 2025005314, de 17 de marzo, concluíndo que "non é necesario someter a avaliación ambiental estratéxica a modificación puntual núm.18 do PXOM de Oleiros para descatalogar un hórreo situado en Mera (elemento D-4 do Catálogo)."

O procedemento das modificacións puntuais non substanciais dos plans tramitarase nos seguintes termos:

a) O procedemento iniciarase por proposta do concello, quen aprobará inicialmente a modificación e someterá esta modificación á información pública polo prazo mínimo dun mes. Simultaneamente, solicitaranse os informes sectoriais necesarios e trasladarase a documentación ao órgano competente en materia de urbanismo, quen solicitará os informes sectoriais autonómicos preceptivos, os cales deberán ser emitidos no prazo dun mes. Logo de transcorrer este, entenderanse emitidos con carácter favorable.
b) Á vista das alegacións presentadas e dos informes recibidos, o concello aprobará provisionalmente, se é o caso, a proposta de modificación e acordará a remisión do expediente completo á consellaría competente en materia de urbanismo, quen emitirá o informe preceptivo e vinculante sobre a modificación proposta no prazo máximo dun mes.
c) Unha vez emitido o informe, será remitido ao concello para que, de ser o caso, aprobe definitivamente a modificación.

No caso de que a modificación proposta non cumpra coas determinacións previstas no artigo 16, a persoa titular da dirección xeral competente en materia de urbanismo devolverá o expediente ao concello para a posible corrección das deficiencias detectadas ou para a súa tramitación polo procedemento ordinario.

1.4. XUSTIFICACIÓN DO INTERESE PÚBLICO NA RETIRADA DO HÓRREO INDICADO DO CATÁLOGO DO PXOM DO CONCELLO DE OLEIROS

A descatalogación do hórreo situado na Rúa das Escolas de Mera responde a razóns de interese público fundamentadas na súa falta de valor patrimonial e na necesidade de garantir unha planificación urbanística racional e axustada á realidade material e documental. O informe arqueolóxico emitido e achegado polo particular acredita que se trata dunha construción recente, erixida nos anos setenta do século pasado con materiais prefabricados de formigón e armadura metálica interna, carecendo das características propias dos bens tradicionais protexidos pola normativa vixente. Ademais, a análise documental confirma que este elemento non se atopaba presente na ortofoto histórica do voo americano de 1956-57 e que a súa implantación foi posterior á entrada en vigor do Real Decreto 449/1973, de 22 de febreiro, o que imposibilita a súa consideración dentro dos hórreos que deben ser obxecto de protección.

Por outra banda, este hórreo figura erroneamente situado no catálogo do PXOM, xerando unha imprecisión cartográfica que desaconsella o seu mantemento dentro do inventario municipal. Así, de conformidade cos artigos 30 e 31 da Lei 5/2016, de 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia, e considerando que a súa eliminación non supón un impacto substancial na ordenación urbanística nin no aproveitamento do solo, pode procederse á súa descatalogación mediante unha modificación puntual non substancial do PXOM, de acordo co artigo 83.5 da Lei do Solo de Galicia. Esta medida permite axustar o catálogo urbanístico á realidade patrimonial do municipio, garantindo unha xestión

Para facer constar que mediante acordo de Pleno do 26 de decembro de 2025, aprobouse definitivamente a modificación puntual núm. 18 do PXOM: Retirada do catálogo do elemento D-4 identificado como hórreo en Mera (Documento asinado o 4 de xuño de 2025).

eficiente dos bens culturais e aplicando criterios de racionalidade e proporcionalidade na súa conservación, e supoñendo a súa retirada do Catálogo do PXOM e do Catálogo de Patrimonio Cultural de Galicia.

Tendo en conta que se cumpren os requisitos do art. 83.5 LSG, isto é, que a modificación proposta non supón aumento do aproveitamento, non modifica a clasificación do solo, non incrementa edificabilidade e non incide negativamente na funcionalidade de dotacións públicas, considérase viable a tramitación da modificación proposta como simplificada, previo pronunciamento da DX de Calidade Ambiental e Cambio Climático no que garanta a innecesariedade de trámite ambiental.

1.5. COMPETENCIA PARA A ADOPCIÓN DE ACORDOS

En canto á competencia para a aprobación inicial da modificación do PXOM, ha de estarse ao disposto polo art. 22.2.c) LRBRL, correspondéndolle ao Pleno do Concello de Oleiros. A este tamén lle corresponde a aprobación provisional, mentres que a aprobación definitiva corresponde, en atención ao artigo 61 LSG, á persoa titular da consellería competente en materia de urbanismo, ao contar o Concello de Oleiros cunha poboación inferior a 50.000 habitantes.

1.6. INFORMES SECTORIAIS NECESARIOS

En primeiro lugar, e en atención ao disposto no art. 17 da Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, é necesario solicitar ao órgano ambiental da Comunidade Autónoma de Galicia, isto é, á DX de Calidade Ambiental e Cambio Climático, da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, co obxecto de garantir a viabilidade polo trámite simplificado de modificación do PXOM recollido no art. 83.5 LSG. A DX deberá pronunciarse no prazo máximo dun mes sobre a necesidade da tramitación de avaliación ambiental.

Resulta necesaria a emisión de Informe da Dirección Xeral de Aviación Civil, en atención ao disposto na disposición adicional segunda do Real Decreto 2591/1998, do 4 de decembro, sobre a Ordenación dos Aeroportos de Interese Xeral e a súa Zona de Servizo.

Unha vez obtido o pronunciamento previo e sendo este favorable, ou no caso de que non se emita, procederá a aprobación inicial da modificación, debendo solicitarse os seguintes informes sectoriais (anexo II RSG):

- Informe da delegación do Goberno
- Informe de Augas de Galicia, como demarcación hidrográfica e por afección á zona de policía de dominio público hidráulico.
- Informe do Ministerio de industria, enerxía e turismo
- Informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural
- Informe do Instituto de Estudos do Territorio.
- Informe da Axencia Galega de Infraestruturas, por atoparse no ámbito de afección da AC-163

É necesario reiterar a petición de informe á Dirección xeral de Aviación Civil, por non terse recepcionado ata o momento o devandito informe, preceptivo en todo caso para a aprobación definitiva da modificación proposta.

Para facer constar que mediante acordo de Pleno do 26 de decembro de 2025, aprobouse definitivamente a modificación puntual núm. 18 do PXOM: Retirada do catálogo do elemento D-4 identificado como hórreo en Mera (Documento asinado o 4 de xuño de 2025).

2. DESCRICIÓN DO ÁMBITO DA MODIFICACIÓN

2.1. SITUACIÓN XEOGRÁFICA

O ámbito da Modificación sitúase no Concello de Oleiros, que se atopa no noroeste de Galicia, dentro da provincia da Coruña, na contorna xeográfica do Golfo Ártabro e preto da cidade da Coruña.

Dentro deste municipio as parcelas correspondentes á modificación puntual sitúanse na parroquia de Serantes, zona urbana de Mera.

Fonte: Visor Xunta.

Para facer constar que mediante acordo de Pleno do 26 de decembro de 2025, aprobouse definitivamente a modificación puntual núm. 18 do PXOM: Retirada do catálogo do elemento D-4 identificado como hórreo en Mera (Documento asinado o 4 de xuño de 2025).

2.2. SITUACIÓN SOBRE O PLANEAMENTO XERAL MUNICIPAL

O PXOM sinala dentro da zona urbana de Mera o elemento catalogado D-4 que resulta inexistente.

A continuación, inclúese unha imaxe do plano de ordenación do Plan Xeral no cal se marca dito elemento.



Fonte: PXOM. Plano 2, folla 8 de Ordenación Urbanística.

Así preténdese realizar unha Modificación co obxecto corrixir o Catálogo suprimindo esta referencia D-4.

Para facer constar que mediante acordo de Pleno do 26 de decembro de 2025, aprobouse definitivamente a modificación puntual núm. 18 do PXOM: Retirada do catálogo do elemento D-4 identificado como hórreo en Mera (Documento asinado o 4 de xuño de 2025).

2.3. ESTRUCTURA PARCELARIA CATASTRAL

A estrutura catastral da zona da Modificación é propia e a habitual das zonas urbanas consolidadas.



Fonte: Catastro

2.4. USOS e EDIFICACIONES

Os usos e edificacións da zona da Modificación son fundamentalmente o de vivenda unifamiliar de primeira ou segunda residencia propias das zonas urbanas deste Concello.

Fonte: Catastro e ortofoto PNOA.

Para facer constar que mediante acordo de Pleno do 26 de decembro de 2025, aprobouse definitivamente a modificación puntual núm. 18 do PXOM: Retirada do catálogo do elemento D-4 identificado como hórreo en Mera (Documento asinado o 4 de xuño de 2025).

2.5. INFRAESTRUTURAS e SERVICIOS EXISTENTES

A zona obxecta da modificación é solo urbano consolidado polo que está dotado de todos os servizos urbanos.

2.6. ANÁLISIS DE RIESGOS

Neste apartado inclúese a análise de riscos no ámbito, en cumprimento do establecido no Real Decreto Lexislativo7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Chan e Rehabilitación Urbana, e das Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia.

DIRECTRICES DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO DE GALICIA.

3. DESENVOLVEMENTO E ORDENACIÓN DOS ASENTAMENTOS, DAS ÁREAS EMPRESARIAIS E DAS ACTIVIDADES PRODUTIVAS

3.1. Determinacións para o Desenvolvemento e ordenación dos asentamentos

Determinacións excluíntes

3.1.14. Os instrumentos de ordenación do territorio e do plan urbanístico deberán conter unha análise dos riscos naturais e antrópicos aos que se expón o territorio do seu ámbito de influencia, e deberán estes terreos expostos quedar excluídos do proceso urbanizador e, en todo caso, dos usos polos que poidan verse afectados persoas e bens materiais ou que deixen de ser funcionais no caso de materialización do risco.

Para a análise destes riscos naturais e tecnolóxicos partirase das delimitacións e estimacións realizadas polos órganos sectoriais competentes en cada caso, ou se procedese, empregaranse as fontes e metodoloxías de cálculo e estimación que estes establezan.

No ámbito da Modificación se circunscribe unha zona concreta do núcleo de Mera. Nesta zona do Concello non se ten detectado a presencia de ningún riesgo de carácter natural ou antrópico.

Para facer constar que mediante acordo de Pleno do 26 de decembro de 2025, aprobouse definitivamente a modificación puntual núm. 18 do PXOM: Retirada do catálogo do elemento D-4 identificado como hórreo en Mera (Documento asinado o 4 de xuño de 2025).

3. AFECCIONS EXISTENTES

O ámbito presenta afeccións en materia de:

- Servidumes aeronáuticas: pola súa súa proximidade ó Aeroporto de A Coruña.
- Zona de influencia de costas: por situarse dentro dos 500 m medidos a partir do límite interior da ribeira do mar.



3.1. AERONÁUTICAS

O ámbito atópase afectado polas servidumes asociadas ao aeroporto da Coruña. A normativa sectorial de referencia é o Real Decreto 369/2023, do 16 de maio, polo que se regulan as servidumes aeronáuticas de protección da navegación aérea, e modifícase o Real Decreto 2591/1998, do 4 de decembro, sobre a ordenación dos aeroportos de interese xeral e a súa zona de servizo, en execución do disposto polo artigo 166 da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de Medidas Fiscais, Administrativas e da Orde Social, establecendo o seguinte en relación ao plan urbanístico.

Artículo 10. Limitación de alturas.

1. Dentro del área sometida a servidumbres de aeródromo, podrá tomarse una o más de las siguientes medidas: restringir la creación de nuevos obstáculos, eliminar total o parcialmente los existentes, o señalizarlos, balizarlos e iluminarlos.

2. Los proyectos de planes o instrumentos de ordenación urbanística, territorial o de cualquier otra índole que ordenen físicamente el territorio que se pretendan llevar a cabo en áreas sometidas a servidumbres de aeródromo, o los de su revisión o modificación, requerirán de un informe previo favorable conforme al artículo 27 y no podrán contemplar la

Para facer constar que mediante acordo de Pleno do 26 de decembro de 2025, aprobouse definitivamente a modificación puntual núm. 18 do PXOM: Retirada do catálogo do elemento D-4 identificado como hórreo en Mera (Documento asinado o 4 de xuño de 2025).

implantación o modificación de elemento alguno o del terreno que sobrepase en altura los límites establecidos por las superficies de las servidumbres de aeródromo, salvo en los casos excepcionales contemplados en el artículo 28.

3. Las actuaciones que se pretendan llevar a cabo en áreas sometidas a servidumbres de aeródromo requerirán un acuerdo previo favorable conforme al artículo 31, y no podrán contemplar la implantación o modificación de elemento alguno o del terreno que sobrepase en altura los límites establecidos por las superficies de las servidumbres de aeródromo, salvo que se encuentren amparadas en su correspondiente autorización de obstáculo prevista en los casos excepcionales contemplados en el artículo 34.

4. El trazado y condiciones de gálibo de las infraestructuras viarias (…)

Artículo 27. Informes de planes o instrumentos de ordenación.

1. Todos los proyectos de planes o instrumentos de ordenación urbanística o territorial o de cualquier otra índole que ordenen físicamente el territorio o los de su revisión o modificación, que afecten a los espacios sujetos a las servidumbres aeronáuticas de aeródromos o instalaciones radioeléctricas civiles y de uso conjunto, serán informados por la Dirección General de Aviación Civil del Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana.

En el caso de aeródromos utilizados conjuntamente por una base aérea o aeródromo militar y un aeropuerto, y en el de aeropuertos de competencia autonómica, se requerirá el informe previo del Ministerio de Defensa y del órgano competente en materia aeroportuaria de la comunidad autónoma afectada, respectivamente.

2. Idéntico requisito se aplicará a cualquier instrumento de planificación que contemple la instalación de aerogeneradores en una zona sometida a una servidumbre de protección frente a la instalación de aerogeneradores para instalaciones radioeléctricas civiles y de uso conjunto.

3. A los efectos previstos en los apartados 1 y 2, previamente a la aprobación inicial o equivalente del instrumento de ordenación, el organismo competente para su tramitación solicitará de la Dirección General de Aviación Civil la emisión de dicho informe remitiendo la documentación correspondiente a la aprobación inicial.

4. Los informes relativos a las modificaciones o revisiones de planes o instrumentos de ordenación se ceñirán a los aspectos que hayan sido objeto de alteración.

5. Los informes previstos en este artículo tendrán el carácter de preceptivos y vinculantes en lo que se refiere a la compatibilidad de los planes o instrumentos de ordenación con las servidumbres aeronáuticas y las limitaciones que estas imponen tanto a obstáculos como a actividades. En ellos se podrán establecer las condiciones particulares adicionales que resultasen necesarias para garantizar el cumplimiento de las servidumbres aeronáuticas.

6. El plazo para la emisión de estos informes es de seis meses a contar desde la recepción de la documentación requerida, incluidos el informe del Ministerio de Defensa o el de la comunidad autónoma si fueran necesarios. Transcurrido dicho plazo sin que se haya emitido el informe de la Dirección General de Aviación Civil se entenderá emitido con carácter disconforme.

7. A falta de solicitud del informe preceptivo, así como en el supuesto de disconformidad, no se podrá aprobar definitivamente el instrumento de planificación de que se trate en lo que afecte al ejercicio de las competencias estatales.

8. En el caso de servidumbres correspondientes a aeropuertos de interés general o instalaciones radioeléctricas incluidas en planes directores, el informe sobre las servidumbres vigentes formará parte del contenido del informe que haya de emitirse conforme a la disposición adicional segunda del Real Decreto 2591/1998, de 4 de diciembre, sobre la Ordenación de los Aeropuertos de Interés General y su Zona de Servicio, en ejecución de lo dispuesto por el artículo 166 de la Ley 13/1996, de 30 de diciembre, de Medidas Fiscales, Administrativas y del Orden Social.

9. Las Administraciones u organismos competentes para la aprobación definitiva del planeamiento territorial o urbanístico deberán remitir a la Dirección General de Aviación Civil, a la mayor brevedad posible, el plan o instrumento de ordenación aprobado definitivamente, acompañado de certificación del acto de aprobación definitiva. El Centro directivo comprobará la inclusión de las servidumbres aeronáuticas y de las medidas que se adopten para garantizar su cumplimiento efectivo y resolverá al efecto. Transcurridos dos meses desde la recepción de dicha certificación sin que se formulen reparos, se entenderá emitida resolución en sentido favorable.

Para facer constar que mediante acordo de Pleno do 26 de decembro de 2025, aprobouse definitivamente a modificación puntual núm. 18 do PXOM: Retirada do catálogo do elemento D-4 identificado como hórreo en Mera (Documento asinado o 4 de xuño de 2025).

O ámbito atópase afectado polas servidumes do aeródromo e radioeléctricas delimitadas no Plan Director do Aeroporto da Coruña aprobado; ademais, o ámbito está afectado pola envolvente das servidumes da operación de aeronaves, do mesmo xeito que a totalidade do termo municipal de Oleiros, tal e como se mostra na imaxes seguintes.



Fonte: Plan Director do Aeroporto de A Coruña 2022. Plano 5.1. Servidumes de aeródromo e radioeléctricas.



Fonte: Plan Director do Aeroporto de A Coruña 2022. Plano 5.2. Servidumes da operación de aeronaves.

Para facer constar que mediante acordo de Pleno do 26 de decembro de 2025, aprobouse definitivamente a modificación puntual núm. 18 do PXOM: Retirada do catálogo do elemento D-4 identificado como hórreo en Mera (Documento asinado o 4 de xuño de 2025).

As liñas de nivel das Servidumes Aeronáuticas do Aeroporto da Coruña determinan as alturas (respecto do nivel do mar), que non deben exceder ningunha construción (incluídos todos os seus elementos como antenas, pararraios, chemineas, equipos de aire acondicionado, caixas de ascensores, carteis, finais decorativos etc.)/ etc.), modificacións do terreos ou obxectos fixos (postes, antenas, aeroxeradores incluídas as súas pas, carteis etc.)/ etc.), así como o gálibo de viario ou vía férrea.

SERVIDUME ACÚSTICA

O ámbito non está afectado servidume acústica do Aeroporto de Alvedro.

3.2. COSTAS

A zona da modificación está dentro da zona de influencia de Costas de 500 m medidos a partir do límite interior da ribeira do mar.

Para a regulación específica nesta zona, estarase ao disposto na lexislación sectorial de aplicación, en especial:

- Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas.
- Real Decreto 876/2014, do 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Costas.

Respecto a a zona de influencia, o artigo 30 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas, establece o seguinte.

Artículo 30

1. La ordenación territorial y urbanística sobre terrenos incluidos en una zona, cuya anchura se determinará en los instrumentos correspondientes y que será como mínimo de 500 metros a partir del límite interior de la ribera del mar, respetará las exigencias de protección del dominio público marítimo-terrestre a través de los siguientes criterios:

a) En tramos con playa y con acceso de tráfico rodado, se preverán reservas de suelo para aparcamientos de vehículos fuera de la zona de servidumbre de tránsito.

b) Las construcciones habrán de adaptarse a lo establecido en la legislación urbanística. Se deberá evitar la formación de pantallas arquitectónicas o acumulación de volúmenes, sin que, a estos efectos, la densidad de edificación pueda ser superior a la media del suelo urbanizable programado apto para urbanizar en el término municipal respectivo.

2. Para el otorgamiento de las licencias de obra o uso que impliquen la realización de vertidos al dominio público marítimo-terrestre se requerirá la previa obtención de la autorización de vertido correspondiente.

3.3. POL

Por Decreto 20/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral de Galicia, entrou en vigor nesta comunidade un instrumento de ordenación territorial que ten por obxecto, de conformidade co artigo 2º da Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, establecer os criterios, principios e normas xerais para a ordenación urbanística da zona litoral baseada en criterios de perdurabilidade e sustentabilidade, así como a normativa necesaria para garantir a conservación, protección e posta en valor das zonas costeiras.

Para facer constar que mediante acordo de Pleno do 26 de decembro de 2025, aprobouse definitivamente a modificación puntual núm. 18 do PXOM: Retirada do catálogo do elemento D-4 identificado como hórreo en Mera (Documento asinado o 4 de xuño de 2025).

A zona da modificación atópase dentro do solo urbano consolidado do núcleo de Mera, polo que de acordo co disposto no artigo 3.2 do Decreto 20/2011, de 10 de febreiro, polo cal apróbase definitivamente o POL, este non é de aplicación.

Oleiros, xuño de 2025.

Asdo.: Silvia Legaspi Grueiro

Asdo.: Alfredo Olañeta Rebolleda

Para facer constar que mediante acordo de Pleno do 26 de decembro de 2025, aprobouse definitivamente a modificación puntual núm. 18 do PXOM: Retirada do catálogo do elemento D-4 identificado como hórreo en Mera (Documento asinado o 4 de xuño de 2025).